

Rajvinder Singh defende que a poesía siga fiel ó seu destino de chegar ós máis desfavorecidos

SANTIAGO. Redacción

Rajvinder Singh pertence á caste dos escritores errantes que fixeron do seu compromiso a esencia da súa arte e a súa vida prolóngase a través do Comité de defensa dos Escritores Encarcerados, do que foi o seu presidente na Alemaña. Nacido en Kapurtala (Punjab, India) en 1956 pero residente desde primeiros dos anos oitenta en Berlín, Rajvinder Singh non só cambio o seu país de orixe por unha nova patria senón que, ademais, se converteu nun poeta de expresión alemana.

Durante a súa estada en Galicia, Rajvinder pronunciou onte na Facultade de Filoloxía de Compostela unha conferencia sobre a súa obra e o papel da escrita como nexo de unión entre as culturas. Presentado por Úrsula Heinze, que é a traductora ó galego dalgunhas das súas poesía —publicadas na revista *Dorna*—, Rajvinder Singh defendeu a súa tese de que cando un ser humano perde unha patria, a súa patria é xa o mundo.

Para o escritor, licenciado en Filoloxía, Matemáticas e Economía Política, a poesía é o vehículo idóneo das mensaxes e as mensaxes do poeta deben ser, na súa opinión, un chamamento para inzar o espírito dos máis débiles e darlles solución ós seus problemas.

Foi esta actitude a que, no ano 1976, durante o estadio de sitio imposto ó Punjab, levou a Rajvinder ó cárcere e, posteriormente, o levou fóra da India.